



CONCELLO DE ZAS



Deputación  
DA CORUÑA

Chegar a cada concello,  
estar con cada persoa.

## - BASES “I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MÓBIL\_ ENFOQUES DO ALLO” -



**TORRES DO ALLO**

O Concello de Zas, dende a Concellería de Turismo, organiza o “I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MÓBIL\_ ENFOQUES DO ALLO”. O obxectivo deste concurso é a promoción e difusión do monumento histórico-artístico de Torres do Allo e o seu contorno entre os usuarios das redes sociais Facebook e Instagram.

### **BASES DO CONCURSO**

1. Poderán participar no presente concurso calquera persoa física que durante o período de validez da presente campaña participe na acción segundo se propón nos termos descritos nestas bases.
2. A participación no concurso é gratuíta e non require inscrición.
3. O período de recepción de fotografías vai dende o día 1 de Xullo de 2017 ata o día 20 de Agosto de 2017, ambos inclusive.
4. Para que unha fotografía entre en concurso debe seguir os seguintes pasos:
  1. - Facer unha foto interior ou exterior do monumento Torres do Allo e a súa contorna e enviala ao enderezo [enfoques@torresdoallo.gal](mailto:enfoques@torresdoallo.gal), xunto cos seus datos persoais de contacto (nome e teléfono).
  2. A fotografía dixital non pode exceder os 9.9 Mb de tamaño.
5. Aquelas persoas que non realicen tódolos pasos obrigatorios ou o fagan de forma errónea, a criterio da organización, non poderán optar ao premio na presente convocatoria.
6. Os/As participantes poderán enviar tantas fotos como desexen, aínda que non se terá en

- conta a cantidade das mesmas, senón a calidade de cada una delas, de forma individual.
7. Unha vez finalizado o prazo de presentación de fotos, a organización fará unha selección das 10 mellores fotografías. Para a súa elección valorarase, entre outras características, a calidade, a creatividade, orixinalidade, a estética, valorando especialmente o ter potenciado os valores patrimoniais históricos, artísticos e/ou etnográficos de Torres do Allo e o seu contorno. Estas dez instantáneas subiranse ás redes sociais oficiais de Torres do Allo (Facebook e Instagram) e aquelas que obteñan un maior número de "gústame" no prazo indicado serán as fotografías gañadoras do concurso, co 1º, 2º e 3º posto en relación á correlativa ao número de "gústame".
  8. O Concello de Zas e a organización do concurso resérvase o dereito de anular o presente concurso ou suspendelo, ou ben cambiar algunhas das súas condicións se por causas técnicas ou de calquera outra natureza allea á súa vontade non puidera cumprir co normal desenvolvemento do mesmo, segundo o establecido nas presentes bases.
  9. Os/As concursantes ceden os dereitos de imaxe das súas fotografías para que o Concello de Zas poida usalas para promover, por calquera medio de comunicación, o turismo da localidade.
  10. A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases e das posibles decisións que adopte a organización.

## **PREMIOS**

11. Os premios son os seguintes:

1º Premio: premio en metálico de 100€

2º Premio: premio en metálico de 75€

3ª Premio: premio en metálico de 50€

12. As fotografías finalistas serán seleccionadas nun prazo de 5 días á finalización do concurso e anunciaranse a través das redes sociais de Facebook e Instagram "Torres do Allo" o 26 de agosto, polo que se recomenda seguir as contas regularmente.
13. Establécese o prazo entre o 26 de agosto á hora de publicación e o 5 de setembro ás 00.00 como período no que se poden realizar interaccións "gústame" no Facebook e Instagram oficiais de Torres do Allo. Rematado este prazo, resultarán gañadoras as fotografías que obtiveran un maior número de "gústame".
14. A organización porase en contacto coas persoas gañadoras a través do teléfono facilitado unha vez rematado o prazo de votación.
15. Dentro dos 15 días seguintes á finalización do concurso, crearase un álbum na páxina de Facebook "Torres do Allo" cunha selección das fotos recibidas incluídas as gañadoras.

## **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERNONAL**

16. Os/As participantes aceptan, mediante a súa participación no concurso, que os contidos e comentarios que vaian ser publicados en Facebook e Instagram poidan ser compartidos co resto de usuarios de Facebook e doutras redes sociais.
17. Non é necesario rexistro previo en ningunha aplicación, nin o Concelo de Zas vai recoller dato ningún de inscrición posto que a participación é pública e gratuíta. Excepto no caso dos gañadores, que para a entrega dos premios se recollerán os seus datos persoais.

## **RESPONSABILIDADES**

18. A organización resérvase o dereito de denunciar e pedir a eliminación da fotografía, se algunha imaxe vulnera dereitos persoais, resulta ofensiva ou discriminatoria.
19. A organización resérvase o dereito de denunciar e pedir a eliminación de calquera comentario, se algún deles vulnera dereitos persoais, resulta ofensivo ou discriminatorio.
20. A organización resérvase o dereito de anular calquera participación ou a calquera participante, se se teñen sospeitas dunha manipulación incorrecta dos datos ou do concurso.
21. A organización resérvase o dereito de rexeitar ou excluír da participación do concurso a calquera participante que non reúna os requisitos descritos nas presentes bases e os seus termos de participación ou contraveña as normas ou finalidade do concurso.
22. A organización non se responsabiliza das posibles perdas de datos por problemas e/ou mal funcionamento das redes sociais ou da internet. Ademais a organización exclúe calquera responsabilidade polos danos e prexuizos de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puideran deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos usuarios/as, e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e prexuizos de toda natureza que poidan deberse á suplantación de personalidade dun/unha terceiro/a efectuada por un/unha usuario/a en calquera clase de comunicación realizada a través do portal.
23. Igualmente, a organización exclúe toda responsabilidade polos danos e prexuizos de calquera natureza que puidera deberse ao uso indebido, manipulación ou mutilación que os usuarios/as ou terceiros/as non autorizados/as puideran realizar ao respecto do contido xeral da presente páxina, así como da vulneración dos dereitos da propiedade intelectual que puidera producirse.

*En Zas, 30 de Xuño de 2017. Concello de Zas.*